


Análise dunha pirámide de poboación.

Un dos exercicios da semana pasada pedíanos que interpretáramos esta pirámide de poboación.



A maioría de vós solventáchedes este exercicio satisfactoriamente a pesar de non telo traballado na aula. A análise que eu faría sería por tramos: Esta pirámide de poboación representa a poboación de España no ano 2012. Nela podemos observar que o número de mozos e mozas é moi similar e moi reducido con respecto ó número de adultos. Este grupo é o maioritario, é nel apréciase unha maior presenza de homes que de mulleres. Por último, a poboación de anciáns e anciás é menor que a dos dous grupos anteriores, apreciándose unha redución notable de persoas a partir dos 79 anos.

Por último, salienta que o grupo maioritario é o dos adultos, concretamente o das persoas de entre 35 e 39 anos. Esta situación provoca que a medio prazo o noso país teña que afrontar unha situación que se coñece como **envellecemento da poboación**.

ACTIVIDADE DESTA SEMANA

Esta semana tócvos investigar que significa iso de **ENVELLECIMENTO DA POBOACIÓN**. Tedes que enviarme un informe REDACTADO POR VÓS (non quero copia e pega de Internet) no que responderedes estas preguntas:

- 1.- Cal é a definición de “envellecemento da poboación”?
- 2.- Qué problemas pode implicar a un país?
- 3.- Cal é a definición de “pensións de xubilación”?
- 4.- Que solucións se propoñen para paliar esta situación?

Para facer esta actividade tede en conta a seguinte rúbrica. Calquera dúbida que teñades contactade conmigo a través de Hangouts:

	EXCELENTE	BEN	REGULAR	MAL
ORIXINALIDADE	Non é un copia/pega de Internet			É un copia/pega de Internet
CONTIDOS	Responde ben todas as preguntas ou 3 de 4	Responde ben 2 de 4 preguntas	Responde ben unha pregunta	Non responde ben ningunha pregunta
REDACCIÓN	Escribe un texto coherente e ben hilado	Escribe un texto coherente aínda que non esté ben hilado	Responde as preguntas independentemente unha da outra	Responde mal redactadas as preguntas independentemente unhas das outras.